

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 4 de outubro de 2010 pola que se regula o ficheiro de datos de carácter persoal de xestión de datos de usuarios e historias clínicas dos exames optométricos realizados no Servizo de Optometría da Escola de Óptica e Optometría como ficheiro de datos de carácter persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

A disposición adicional segunda, 2, da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación ou modificación dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse mediante a disposición xeral correspondente.

A Universidade de Santiago de Compostela aprobou a regulación dos seus ficheiros para a súa adecuación á LOPD mediante Resolución do 24 de xuño de 2002 e resolucións posteriores.

A implantación efectiva de medidas de seguridade e a realización de novos servizos ou actividades fan aconsellable a creación de novos ficheiros de protección de datos que se engaden aos xa existentes.

Na súa virtude, e co fin de dar cumprimento ao mandato legal do artigo 20 da LOPD, sobre creación ou modificación de ficheiros que conteñan datos de carácter persoal xestionados pola Universidade de Santiago de Compostela, e de lles asegurar aos administrados o exercicio dos seus lexítimos dereitos,

DISPOÑO:

Primeiro.-Créase o ficheiro de xestión de datos de usuarios e historias clínicas dos exames optométricos realizados no Servizo de Optometría da Escola de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago de Compostela.

A súa descrición contense no anexo desta resolución, con indicación do nivel de medidas de seguridade, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Segundo.-O ficheiro que se indica no anexo rexerá polas disposicións xerais e instrucións que se detallan, e estará sometido, en todo caso, ás normas legais e aos regulamentos de superior rango que lles sexan aplicables.

Terceiro.-A aprobación desta resolución non supón a supresión de ningún ficheiro de datos de carácter persoal, polo que non é necesaria a aplicación do disposto no artigo 20.3º da LOPD.

Cuarto.-Ademais das cesións previstas para cada un dos ficheiros, poderanse realizar cesións sempre

que así se recolla nunha norma ou para os efectos de lles remitir datos aos servizos estatísticos, tanto estatais como da comunidade autónoma, para o desenvolvemento das funcións propias destes servizos ou entidades e cos límites establecidos na lei.

Quinto.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2010.

Juan José Casares Long

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Ficheiro nº 25. Xestión de datos de usuarios e historias clínicas de exames optométricos realizados no Servizo de Optometría da Escola de Óptica e Optometría

a) Identificación do ficheiro:

Ficheiro para a xestión de datos de usuarios e historias clínicas de exames optométricos realizados no Servizo de Optometría da Escola de Óptica e Optometría.

b) Órgano, ente ou autoridade administrativa responsable do ficheiro:

Vicerreitoría de Investigación. Universidade de Santiago de Compostela. Praza do Obradoiro (Colexio de San Xerome) s/n. 15782 Santiago de Compostela. A Coruña.

c) Órgano, servizo ou unidade en que se deberán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Servizo de Optometría da Escola Universitaria de Óptica e Optometría. Edificio Monte da Condese, s/n (Campus Vida). 15782 Santiago de Compostela. A Coruña.

d) Carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro:

Mixto.

e) Medidas de seguridade:

Medidas de nivel alto.

f) Tipos de datos de carácter persoal que se incluírán no ficheiro:

Datos especialmente protexidos: saúde.

Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, nome e apelidos, enderezo, teléfono, sinatura/pegada, imaxe/voz, sinatura electrónica.

Outros tipos de datos: información comercial, información xenética.

g) Descrición detallada da finalidade do ficheiro e os usos previstos deste:

Xestión de datos da historia clínica nos exames optométricos dos usuarios do Servizo de Optometría para a xestión da actividade optométrica, docente,

de investigación así como o estudo, e produción estatística e da xestión.

h) Tipificación da finalidade e usos previstos:

Prestación de servizos, publicacións, fins históricos, estatísticos ou científicos, historial clínico.

i) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resultan obrigados a subministrálos:

Solicitantes, representantes legais.

j) Procedencia ou procedemento de recollida dos datos:

O propio interesado ou o seu representante legal, administracións públicas. Formularios, tramitación electrónica.

k) Órganos e entidades destinatarios das cesións previstas, indicando as transferencias internacionais:

Non se prevén.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio do 18 de outubro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca a provisión, polo sistema de concurso de méritos e defensa dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, dun posto de supervisor/a de Unidade de Medicina Interna deste centro.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso de méritos e defensa dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, dun posto de supervisor/a de Unidade de Medicina Interna.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de quince

días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG.

Pontevedra, 18 de outubro de 2010.

José Manuel González Álvarez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Anuncio do 18 de outubro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca a provisión, polo sistema de concurso de méritos e defensa dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, dun posto de supervisor/a de Unidade de Dietética deste centro.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde e a Orde do 15 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 119, do 19 de xuño), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso de méritos e defensa dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, dun posto de supervisor/a de Unidade de Dietética.

A citada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do centro hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no DOG.

Pontevedra, 18 de outubro de 2010.

José Manuel González Álvarez
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
de Pontevedra

Anuncio do 18 de outubro de 2010, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca a provisión, polo sistema de concurso de méritos e defensa dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, dun posto de supervisor/a de Unidade de Planificación de Coidados deste centro.

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Pontevedra, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se